



CLUBE DE LECTURA DA BIBLIOTECA

QUE É UN CLUBE DE LECTURA?

Un grupo de persoas que se xuntan periódicamente para comentar dun libro lido na casa. Nas xuntanzas coméntase o lido e o impacto que tivo no lector: temáticas, estilo, acción, personaxes e, porén, sentimentos ou reflexións evocadas polo texto.

QUE OBXECTIVOS TEN O CLUBE DE LECTURA?

- Fomentar o hábito da lectura e o diálogo.
- Ofrecer novas posibilidades para o tempo de lecer.
- Promocionar o uso da biblioteca e dala a coñecer como equipamento cultural.
- Crear un punto de encontro para os membros do Clube.

A QUEN ESTÁ DIRIXIDO?

Está pensado especialmente para o alumnado con arelas de ler, pero tamén de facer amigos e falar co gallo dunha lectura interesante.

COMO FUNCIONA?

O grupo estará integrado por un mínimo de 7 lectores e un máximo de 15.

No grupo hai un coordinador que se encarga de moderar as intervencións (reparte quendas de palabra, bota ao aire preguntas para animar o debate, corta veceiras longas de máis, etc.).

As xuntanzas celébranse na biblioteca, á hora do recreo, dous mércores por trimestre con un intervalo de 15 días.

É importante saber que:

- Non é obrigatorio mercar o libro.
- Non se le en voz alta na sesións.
- Non hai obriga de intervir nos debates, malia a que é recomendable.
- Pódese acudir ás xuntanzas sen ter rematado de todo o acordado na reunión anterior.
- Pódense facer actividades complementarias relacionadas coa lectura (p.ex: visionado de filmes baseados nas novelas que se estean a ler...)

COMO PODO PARTICIPAR?

Para ser membro do Clube de Lectura tes que te inscribir na biblioteca.

CAL É O LIBRO PROPOSTO?

No primeiro trimestre leremos: *Historia de una gaviota y el gato que le enseñó a volar* de Luis Sepúlveda.

E no segundo: *El cartero de Neruda* de Antonio Skármeta.

ANÍMATE!

IES SANXENXO